

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A ORGANIZACIÓN DA XORNADA “A FUTURE FOR THE LAND: CULTURAL LANDSCAPES, RURAL MANAGEMENT AND GEOGRAPHICAL INFORMATION SYSTEMS”

En Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2018

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don Enrique Sáez Ponte, presidente da Fundación Juana de Vega, segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado o trece de xuño de 2003, debidamente inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con data 1 de xullo do mesmo ano. Actúa en nome e representación da mesma, que está clasificada como de Beneficencia Particular docente por Real Orde do “Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes”, de data 30 de xuño de 1925, inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego da Xunta de Galicia, co nº 58, con CIF G-15050602 e domicilio en Rúa Salvador Allende, nº 92, 15176 San Pedro de Nós – Oleiros.

EXPOÑEN

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a quen lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción da cultura e dos aspectos vinculados á protección, conservación, difusión, fomento e recuperación do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago, así como a elaboración dos anteproxectos normativos que lles afecten.

2. Que a lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, contempla no seu artigo 10.1h) como unha das categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados, o paisaxe cultural : “o lugar identificable por un conxunto de cualidades culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade.”

3. Que a Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece no seu artigo 143: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”

4. A Fundación Juana de Vega é unha entidade privada de natureza non lucrativa, que segundo consta nos seus estatutos ten por obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas.

5. Que entre as liñas de traballo que a Fundación leva a cabo para cumprir co seu obxectivo fundacional, está a liña de paisaxe e territorio que desenvolve a través da ESCOLA GALEGA DA PAISAXE JUANA DE VEGA creada no ano 2008 como órgano interno da Fundación e sen personalidade xurídica propia. Os obxectivos da ESCOLA GALEGA DA PAISAXE son promover o estudo, a investigación, a formación, a difusión e o intercambio de coñecemento, e a sensibilización e concienciación da sociedade en materia da paisaxe e en temas con ela relacionados. Na procura dos seus obxectivos, a Escola Galega da Paisaxe fomentará a colaboración coas administracións públicas, as universidades, os centros de ensino, as empresas, os medios de comunicación, os colectivos profesionais e a sociedade en xeral.

6. Que dentro das actividades desenvolvidas pola Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega, destaca a súa traxectoria e especialización na organización de workshops, xornadas técnicas e encontros internacionais nos que participan destacados especialistas de nivel internacional no eido da paisaxe, o patrimonio natural e cultural. O obxectivo destas actividades é estudar diferentes ámbitos do territorio de Galicia da man dos mellores expertos mundiais nas materias obxecto de análise, para

formular propostas ou xerar debate ou reflexións que contribúan á posta en valor dos recursos do noso territorio xerando oportunidades que contribúan a mellorar a calidade de vida das comunidades rurais. Ademais con este obxectivo, a Fundación Juana de Vega, no seu labor de contribuír ao desenvolvemento do medio rural de Galicia, realiza múltiples actividades no eido do emprendemento agroalimentario, na formación, na investigación e nos aspectos relacionados coa mobilidade e posta en produción de terras agrícolas en estado de abandono.

7. Que no marco destas actividades, a Fundación Juana de Vega a través da súa Escola, pretende organizar unhas xornadas técnicas na Ribeira Sacra co obxectivo de poñer en valor un territorio de Galicia de excepcional beleza, que conta con multitude de valores culturais, paisaxísticos e patrimoniais, e no que se desenvolven actividades económicas de certo dinamismo e internacionalización, como é o caso do sector vitivinícola, pero tamén un incipiente sector turístico, que xuntos, teñen que ser quen de sacar partido de todo o potencial deste territorio que forma parte do patrimonio cultural de Galicia.

8. Que a Fundación Juana de Vega e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural concordan ao considerar moi necesarias as accións e as políticas dirixidas ao estudo, fomento e difusión do noso patrimonio cultural, como imprescindibles para a valorización do mesmo por parte do conxunto da sociedade galega. En consecuencia manifestan a súa vontade de colaborar conxuntamente no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da promoción dos valores culturais e patrimoniais do territorio de Galicia. En consecuencia, pola singularidade do seu obxecto ao ser a única Fundación na Comunidade Autónoma que ten unha escola de paisaxe, cunha ampla rede de contactos e expertos nacionais e internacionais no eido do patrimonio cultural e paisaxístico e conta cunha dilatada experiencia e especialización neste ámbito, non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria practica en calidade de coorganizadora. Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para o ano 2018.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes **ESTIPULACIÓNS**:

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente Convenio é a colaboración de ambas institucións na organización da xornada técnica ***“A Future for the land: cultural landscapes, rural management and geographical information systems”***, que se celebrará na Ribeira Sacra e cuxo contido se especifica no Anexo I ao presente convenio.

As intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Difundir e coñecer o patrimonio cultural galego* que inclúe xornadas para o estudo do mesmo, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Segunda.- Obrigas da Fundación Juana de Vega,

Mediante a sinatura deste convenio a Fundación Juana de Vega comprométese a levar a cabo as actividades que implica a organización da xornada técnica ***“A Future for the land: cultural landscapes, rural management and geographical information systems”***, que se concretan na preparación do programa da xornada técnica coa participación de destacados especialistas nacionais e internacionais no eido do patrimonio cultural, cuxo borrador se une como Anexo I a este convenio e a organización e execución completa da xornada, contacto cos relatores, invitados, contratación da loxística necesaria para o seu desenvolvemento e demais cuestións administrativas.

Con anterioridade á sinatura do convenio será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas d epresentación das contras do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

Terceira.- Asesoramento técnico

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural comprométese a facilitarlle a Fundación Juana de Vega, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico necesario para a organización da xornada a cuxo efecto designará un/a técnico/a, que será o interlocutor entre a Dirección Xeral e a Fundación Juana de Vega. :

Cuarta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **23.931,00 euros** , importe que será sufragado coa seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural colaborará na realización das actuacións previstas na estipulación segunda cunha achega de **19.145,00 euros** , cantidade na que se inclúen todos os impostos con cargo á partida orzamentaria 10.21.433A.640.1 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.
- A Fundación Juana de Vega colaborará coa cantidade restante de **4,786 euros**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

A achega da consellería destinarase a satisfacer os gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades que se reflicten na estipulación segunda deste convenio que teñen como finalidade abrir unha vía que posibilite o intercambio cultural non só a nivel europeo, senón para xentes de toda as partes do mundo.

Para percibir a cantidade que achega a, a Fundación Juana de Vega presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2018, a seguinte documentación:

- Certificación que acredite que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación detallada, asinada pola persoa responsable, da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas e comprobantes de pago.
- Informe de resultados das actividades realizados no marco deste convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A Fundación Juana de Vega facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións fiscalización e control.

Sexta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sétima.- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes

Os resultados froito deste convenio, tales como dípticos, catálogos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Fundación Juana de Vega. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as dúas partes poderán utilízalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso A Fundación Juana de Vega poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Oitava.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestímulo dalgunha con aviso previo de dous meses, o por incumprimento dos compromisos adquiridos.

Novena.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento composta por dous representantes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural nomeados polo seu titular e dous representantes da Fundación Juana de Vega. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios.

Décima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda .- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación

electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira - Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais, que é nomeadamente a seguinte:

- Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos
- Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica (ENS)
- Estatuto de autonomía de Galicia
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA)
- Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia
- Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/protección-de- datos> e <https://www.juanadevega.org> conteñen información

relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa galardoada nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/protección-de-datos>, e <https://www.juanadevega.org>, ou no seu enderezo electrónico. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto

lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínanse tres copias do convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e O.U.

O presidente da Fundación Juana de Vega

Román Rodríguez González

Enrique Sáez Ponte

ANEXO I

BACKGROUND

Rural Landscapes across Europe are affected by a common decline, that of depopulation and loss of economic opportunity. In some cases, these localities are situated within remarkable Cultural Landscapes, created over centuries and based on well-integrated management systems, but today are at risk of becoming relic landscapes, abandoned by local communities.

Protection and preservation of these outstanding sites will depend on how to retain rural populations, and especially young people, to recreate an economic vitality and a quality of life using the land, and to give a future to this past through appropriate sustainable development based on the values and attributes of the place.

New digital technologies and especially Geographical Information Systems, can help to recognize the different and complex values, both quantitative and qualitative, and integrate these in management systems that aims to connect with new generations utilising such communication strategies.

The Ribeira Sacra is a good example of such a Rural Landscape with outstanding values recently acknowledged through legal protection and being listed as Cultural Landscape by the regional government. This living landscape could become the laboratory for testing new methods and technologies, including the use of GIS systems currently being developed.

The Juana de Vega Foundation, is a Spanish institution based in Galicia, that works with the aim to improve rural development and to create a better quality of life for rural communities, through research, training, and practice, specially focussed on the landscape perspective.

The Foundation proposes to organize a workshop with the objective to study **cultural landscapes, rural management and geographical information systems**, with a panel of reputed international experts, combined with local experts analysing the Ribeira Sacra region as a model for sustainable rural development.

Following the discussion groups and with complementary contributions by representatives of the UNESCO World Heritage Centre and ICOMOS experts, the proceedings might be published with the objective of establishing a detailed thematic study exploring the key issues related to the subject matter.

The location of the event will be the Monastery of San Estevo de Ribas de Sil, one hour from Vigo and Santiago airports, which today as a national Parador, situated in the middle of the area, and providing an ideal venue from which to visit and explore some exemplary examples of the attributes of an outstanding cultural landscape.

EXPERTS

OPENING (PROPOSAL)

- **Metchild Rössler.** Director of the Division for Heritage and the UNESCO World Heritage Centre.
- **Román Rodríguez González.** Minister of Culture, Education and Universities of the Autonomous Community of Galicia.
- **María del Carmen Martínez Insua.** Director General for Cultural Heritage of the Autonomous Community of Galicia.
- **Maria Teresa Lizaranzu Perinat.** Ambassador, Permanent Delegate of Spain to UNESCO.

PARTICIPANTS (PROPOSAL)

- **Alessandro Balsamo.** Programme Specialist for Policy and Statutory Meetings Unit.
- **Liam McAleese.** Head of Strategy and Partnerships for the Lake District National Park.
- **Marek Baranowski.** Secretary of Association of Geographic Information Laboratories in Europe.
- **Francesca Riccio.** General Secretariat – Coordination and International Affairs. Italian Ministry of Cultural Heritage, Activities and Tourism.
- **Sophia Labadi.** Senior Lecturer in Heritage and Archaeology for the University of Kent, England.
- **Bertrand Gauvrit.** Director of the Association des Climats du vignoble de Bourgogne.
- **Paul Simons.** ICOMOS UK and Secretary General, The Great Spas of Europe UNESCO project.
- **Mónica Luengo Añón.** International Scientific Committee of Cultural Landscapes ICOMOS-IFLA.
- **Rocío Silva Pérez.** Professor of Human Geography at the University of Seville.
- **Augusto Perez Alberti.** Professor of Physical Geography in the University of Santiago de Compostela.
- **Ana Goy Diz.** Professor of History of Art in the University of Santiago de Compostela.
- **Isabel Aguirre de Urcola.** Director of *Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega* (Galician School of Landscape).
- **Mario Crecente Maseda.** Tourism and Heritage consultant. Professor in Tourism Management of Heritage in CENP- University of A Coruña.

ATTENDANTS

20 people as maximum. All of them will be previously selected among the different stakeholders related to the territory of Ribeira Sacra (local experts, local associations, primary sector, wine sector, electrical industries, tourism consortium, and provincial and regional government).

GENERAL PROGRAMME

08.10.2018

- Morning: general visit to the area
- Afternoon: work session

09.10.2018

- Morning: work session
- Afternoon: boat tour and visit to a local winery
- Night: themed tour to the Monastery of Santo Estevo de Ribas de Sil

OBSERVATIONS

Juana de Vega Foundation (with other financial supports) will cover all the costs of the experts involved.

ANEXO II

"A FUTURE FOR THE LAND;

CULTURAL LANDSCAPES, RURAL MANAGEMENT AND GEOGRAPHICAL INFORMATION SYSTEMS"

Expert Workshop: Ribeira Sacra. Galicia. Spain. 8th & 9th October 2018.

PRESUPUESTO

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Viajes	Traslado de los asistentes (17pax) desde sus localidades de origen al Parador de Santo Estevo	4.010,00 €
Honorarios	Honorarios de los participantes (11pax)	3.300,00 €
Alquileres	Alquiler de sala para celebración del Workshop	400,00 €
Estancias	Estancia en Parador en régimen de alojamiento y desayuno (3 noches, 15 pax)	4.050,00€
Traslados	Traslados en bus de 55 plazas	630,00 €
Actividades complementarias	Catamarán y visita a bodega (40 pax) Visita guiada al monasterio (15 pax)	795,00 €
Manutención	Cenas en Parador (3 días, 15 pax) Comidas en Parador (día 1) y en bodega (día 2) para 40 pax	4.460,00 €
Coordinación	Coordinación del Workshop	1.500,00 €
Secretaría Técnica	Secretaría técnica de la Fundación para la organización de la jornada (logística, billetes de avión, contrataciones diversas y demás cuestiones administrativas y de organización)	4.786,00
TOTAL (iva incl)		23.931,00€